

ROMANTICISMO

É un movemento artístico que nace en Alemaña e que transcorre durante o século XIX.

O romanticismo busca a primacía dos sentimentos do artista, da orixinalidade e creatividade. Os artistas románticos rompen coas normas e a tradición clásica que afoga a súa creatividade.

A primeira manifestación artística foi na literatura, destacaron: en Alemaña (Goethe), en Gran Bretaña (Lord Byron), en Francia (Victor Hugo), en España (Becquer).

Moitos artistas románticos foron perseguidos polas súas ideas liberais. Utilizaban como medio de expresión revistas literarias, facían reunións nas que discutían cuestións artísticas e políticas. Algúns artistas participaron activamente en política, apoiando movementos independentistas europeos, como é o caso do poeta Lord Byron que morreu loitando pola liberación de Grecia fronte ao Imperio Turco.

Os músicos únense a este novo movemento artístico incorporando nas súas composicións as novas características románticas.

A capacidade expresiva que proporciona a música, fai que sexa unha das manifestacións artísticas máis apreciadas polos románticos. Goethe dicía: “A música é a máis romántica das artes”.

O primeiro compositor en incorporarse ao Romanticismo foi Beethoven, que soubo captar nas súas composicións o espírito romántico.

Exemplo: Sonata para piano nº 14 . 1º Mov."Claro de lúa". Beethoven

A MÚSICA ROMÁNTICA

O romanticismo musical transcurre ao longo do século XIX.

Nace en Alemaña e esténdese por toda Europa.

A música intenta expresar as emocións e os sentimentos dos compositores.

Durante o Romanticismo mantense a forma sonata, aínda que con unha maior liberdade:

- En lugar do Minuetto Beethoven creou o Scherzo, tamén en compás ternario pero de carácter máis vivo co Minuetto. A estrutura é: Scherzo - Trío - Scherzo.

- En moitas ocasións as obras non teñen catro movementos, os compositores poden engadir ou quitar movementos.

- O Lied: Composición para cantante acompañado do piano.

Ciclo de Lied. Trátase de varios lied que contan unha historia.

Exemplo: Lied Im Frühling. Schubert

Exemplo: Lied "A troita". Schubert

- Pequenas pezas de piano: Son composicións para piano, breves e con estrutura libre. Os nomes son evocadores: nocturno, bagatela, preludio, balada, polonesa, mazurca, etc.
Exemplo: Estudo 25, nº 9. Chopin

- Poema sinfónico: Trátase dunha composición orquestral dun só movemento. O poema describe unha poesía, unha lenda, un conto, unha historia, etc.
Exemplo: Os Preludios. Liszt

BEETHOVEN (Bonn 1770- Viena 1827)

Ludwig van Beethoven abandonou definitivamente Bonn en 1792, para instalarse en Viena.

Durante os anos 1793-94 tomou clases de composición con F. J. Haydn e posteriormente con A. Salieri. Neste primeiro período Beethoven compón seguindo o estilo dos seus Mestres; posteriormente a súa música experimenta cambios importantes, vólvese moito máis expresiva e intimista, convértese ao romanticismo.

A partires de 1800 Beethoven nota que comeza a volveuse xordo, acentúase o seu forte carácter. Da concertos de piano con moito éxito (era un gran pianista) e compón música.

As ideas políticas de Beethoven eran liberais, admiraba os principios da Revolución Francesa (dedicoulle a súa terceira sinfonía a Napoleón, aínda que tachou a súa dedicatoria cando Napoleón proclamouse emperador). As súas conviccións políticas aparecen en moitas das súas composicións. Sempre defendendo a liberdade dos individuos e dos pobos fronte á tiranía.

A música de Beethoven divídese en tres períodos:

- Período Clásico: Ata 1800. Non podemos consideralo clásico senón máis ben unha transición cara o romanticismo. Destacan as súas dúas primeiras sinfonías.

- Período Romántico: Ata arredor de 1815. Nesta época Beethoven convértese no compositor máis importante do momento. Sobresaen as súas sinfonías, dende a terceira ata a oitava.

- Período Intimista: A partires de 1815. A xordeira provoca o illamento de Beethoven e a busca de novas sonoridades. Destaca a súa novena sinfonía.

A súa obra:

Beethoven convertíuse no compositor máis influente do Romanticismo. Todos os músicos románticos tomárono como exemplo. Ademais da orixinalidade, a súa música transmite a forza da súa ideoloxía e personalidade.

A obra de Beethoven é moi ampla, compuxo música de todos os xéneros:

- Música de Cámara:

Destacan as súas obras de piano en especial as súas Sonatas de Piano. Compuxo dúos, tríos, cuartetos, etc; detacando os seus cuartetos de corda.

Exemplo: Bagatela "Pra Elisa". Beethoven

Exemplo: Trío Opus 1 nº 3, 1º Mov. Beethoven

- Música Orquestral:

Compuxo moitos concertos entre os que sobresaen os cinco concertos de piano e o seu concerto de violín. Aínda que as composicións máis importantes de Beethoven son as súas nove sinfonías.

Exemplo: Romanza nº 2. Beethoven

Exemplo: Sinfonía nº 5, 1º Mov. Beethoven

- Música Vocal:

Dentro deste tipo de música destaca a súa ópera Fidelio. O tema trata da loita dunha muller (Leonora), que ten que disfrazarse de home (Fidelio) para salvar a seu marido, inxustamente prisioneiro dun tirano.

Exemplo: Coro dos prisioneiros, Ópera Fidelio. Beethoven

Franz **SCHUBERT** (Viena 1797- Viena 1828)

Foi neno cantor da Capella imperial de Viena, o que permitiulle recibir clases de A. Salieri.

Viviou a vida bohemia vienesa, residía con outros artistas para compartir unha economía difícil. Reuníanse pola noite (Schubertianas), onde se recitaba poesía interpretaba a súa música.

Schubert non foi en vida un músico famoso, algunhas das súas composicións publicáronse grazas á axuda dos seus amigos. Era un gran admirador de Beethoven, imitando ao mestre.

A súa obra:

A obra de Schubert é variada:

- Música de cámara:

- Destacan as obras de piano: Sonatas de piano e pezas breves de piano. Ademais compuxo tríos, cuartetos, quintetos, etc.

. Exemplo: Quinteto a troita, 4º Mov. Schubert

- Lied: Compuxo lied durante toda a súa vida.

Exemplo: Lied Margarita na roca. Schubert

- Música orquestral: Sobresaen as súas sinfonías.

Exemplo: Sinfonía nº 8. Schubert

Robert **SCHUMANN** (Saxonia 1810- Bonn 1856)

Dende neno estudiou piano. Comezou os estudos de dereito, pero deixounos para facerse pianista profesional, para o que tomou leccións de piano con Wieck.

Para fortalecer a musculatura dos dedos das mans utilizou aparatos que inutilizaron algúns dedos. Schumann tivo que deixar a súa carreira de pianista e inicia unha formación intensa como compositor.

Casou con Clara Wieck, gran pianista, filla do seu mestre. Clara foi unha gran axuda na carreira do seu marido.

Schumann foi profesor de piano e composición no Conservatorio de Leipzig, onde era director o seu amigo Felix Mendelssohn. Traballou tamén como crítico musical, axudando a outros compositores, como é o caso do seu amigo Johannes Brahms.

Coa súa morte, a súa muller Clara volveu a ser concertista de piano, dando a coñecer a música do seu marido.

A súa música:

- Música de cámara:

A maioría das súas obras son pianísticas: Pezas breves de piano, Sonatas de piano, pero tamén destacan os seus dúos, tríos, cuartetos e especialmente os seus lied.

Exemplo: Sono. Escenas de nenos. Schumann

- Música orquestral:

Compuxo concertos para diferentes instrumentos: piano, violonchelo, etc. Destacan especialmente as súas catro sinfonías.

Exemplo: Sinfonía nº 3. Schumann

Felix **MENDELSSOHN** (Hamburgo 1809- Leipzig 1847)

Naceu nunha familia culta de banqueiros, a súa nai foi a súa primeira profesora de piano. Tivo unha educación moi completa.

Dende mozo demostrou a súa capacidade como compositor e director de orquestra. Viaxou por Europa, coñecendo nova música que utilizou nas súas composicións.

Traballou en Leipzig como director de orquestra e dirixindo o conservatorio da cidade. Coñeceu a Schumann con quen fixo unha gran amizade.

Mendelssohn exerceu unha gran influencia sobre os compositores da súa época, era un gran admirador da música de J. S. Bach, conseguindo representar a Paixón segundo San Mateo, o que significou o renacer do interese pola música de Bach.

- Música de cámara:

Compuxo pezas breves de piano, sonatas de piano. Tamén dúos, tríos, cuartetos, etc. Son importantes os seus lied.

- Música orquestral:

Compuxo concertos: de piano, violín, etc. Destacan as súas cinco sinfonías.

Exemplo: Sinfonía nº 4 "Italiana". 1º Mov. Mendelssohn

Frederic **CHOPIN** (Polonia 1810- París 1849)

Fixo os seus estudos musicais en Varsovia, chegando a ser un gran pianista.

Instalouse en París onde chegou a ser moi coñecido polas súas composicións breves de piano, nesta cidade fíxose famoso como intérprete de piano e como compositor de obras pianísticas. Eran frecuentes os seus concertos nos salóns da burguesía do París da época.

Formou parella coa escritora francesa Aurore Dupin (George Sand), que exerceu unha influencia importante sobre Chopin.

De carácter enfermizo debido á tuberculose, aconsellado polos médicos pasou uns meses en Mallorca con George Sand, pero a enfermidade continuou avanzando, causándolle a morte aos 39 anos.

A súa música:

Chopin é un compositor de obras pianísticas, só compuxo para este instrumento.

Destacan as súas pezas breves de piano: Baladas, nocturnos, fantasías, vales, estudos, etc. Ademais compuxo sonatas de piano e dous concertos para piano e orquestra. Exemplo: Nocturno en MI bemol, Op 9 nº 2

Franz **LISZT** (Hungría 1811- Baviera 1886)

Seu pai enviouno a estudar a Viena con Czerny e Salieri, posteriormente trasládase a París onde estudia con Reicha ao non poder matricularse no conservatorio por estranxeiro.

Alcanzou un gran virtuosismo co piano, converténdose no pianista máis importante da súa época.

Viaxou por toda Europa dando concertos de piano que fixérono famoso, permitíndolle coñecer aos músicos máis importantes do momento.

Liszt tamén dedicouse á composición. Non soamente compuxo obras pianísticas, tamén compuxo obras orquestrais. As súas composicións pianísticas son de gran dificultade técnica, aínda hoxe son moi difíciles de tocar. As súas obras orquestrais son moi modernas para a súa época. Liszt revolucionou a música do romanticismo, iniciando un estilo máis moderno. Moitos músicos do momento tomarono como exemplo. Liszt axudou a compositores como Hector Berlioz e Richard Wagner.

A súa Música:

- Música de piano: Compuxo pezas breves de piano e sonatas de piano.

- Música de orquestra: Destacan os seus Poemas Sinfónicos e os seus concertos de piano. Exemplo: Campanella. Liszt

Johannes **BRAHMS** (Hamburgo 1833- Viena 1897)

Naceu nunha familia humilde. Estudiu piano dende pequeno e tocaba en bares e tabernas.

Cando tiña 20 anos realizou unha xira por Alemaña como pianista acompañante, coñecendo a Robert Schumann, con quen fixo unha gran amizade, Robert e Clara Schumann axudaron a Brahms a darse a coñecer no ambiente musical do momento.

Brahms converteuse no compositor máis importante de Alemaña da segunda metade do século XIX.

A súa música continua o estilo de Schumann, Mendelssohn, etc., fronte ás tendencias máis renovadoras de Berlioz, Liszt, Wagner, etc. En vida de Brahms estableceuse unha polémica entre os músicos máis conservadores partidarios de Brahms e os músicos renovadores partidarios de Wagner.

A súa música:

Música de cámara: Compuxo sonatas de piano, pero tamén dúos, tríos, cuartetos, etc.

Música orquestral: Ten concertos para diferentes instrumentos pero destacan as súas catro sinfonías. Exemplo: Cuarteto para piano, Opus 25. 4º Mov. Brahms

A ÓPERA ROMÁNTICA

Os compositores de ópera románticos, non compoñen outro tipo de obras, en xeral dedícanse soamente á composición de óperas.

Durante o século XIX a ópera experimenta un gran desenvolvemento en toda Europa, especialmente en Italia, pero tamén en Francia e Alemaña.

Francia

París durante o romanticismo, é unha cidade que acolle a algúns dos máis importantes compositores do momento, a rica sociedade de París acude as frecuentes representacións de ópera entre as que destacan compositores franceses como Gounod e Bizet.

Exemplo: L'amour est un oiseau rebelle. Ópera Carmen. Bizet

Alemania

Aínda que Beethoven compuxo unha ópera, non se pode considerar un compositor operístico. Carl María von Weber, amigo e contemporáneo de Beethoven sería o que revolucionaría a ópera alemá romántica. A partir das óperas de Weber, o compositor que levou a súa máxima expresión á ópera alemá foi Richard Wagner.

Richard **WAGNER** (Leipzig 1813- Venecia 1883)

O seu padraсто era actor, polo que Wagner sempre interesouse polo teatro. Ao rematar os seus estudos de música traballou como director de orquestra.

Dedicouse á composición de óperas innovadoras, causando sensación na súa época.

Foi apoiado polo seu amigo Liszt. As tendencias modernas de ámbolos dous foron criticadas polos músicos conservadores da época. Wagner casou con Cosina, filla de Liszt.

Ludwig II de Baviera gran admirador da música de Wagner, axudouno economicamente; pagou tódalas súas débedas, cedeulle unha mansión para vivir e pagou a representación de moitas das súas óperas.

A súa música:

Wagner foi un gran innovador. Renovou a ópera romántica. As súas novidades musicais revolucionaron a música da súa época.

- Aumentou a capacidade expresiva da orquestra.
- Incrementou as esixencias dos cantantes.
- Creou o Leitmotiv (tema musical que identifica a un persoaxe o unha acción).
- Utilizou para as súas óperas antigas lendas alemás.

Óperas:

- 1ª Etapa: Rienzi, O Holandés Errante.
- 2ª Etapa: Tannhäuser, Lohengrin.
- 3ª Etapa: A tetraloxía O anel do Nibelungo (O ouro do Rin, A Walquiria, Sigfrido e O ocaso dos deuses). Tamén: Os Mestres Cantores de Nuremberg e Parfisal.
Exemplo: Obertura. Os mestres cantores de Nuremberg. Wagner

Italia

Os compositores italianos adócanse á composición de óperas, non compoñen sinfonías, poemas sinfónicos, etc. As súas óperas buscan atraer ao público con melodías fermosas "Bel Canto". O primeiro compositor romántico foi Rossini, que despois de triunfar en Italia seguiu a súa carreira en Francia con gran éxito. Outros importantes compositores "Bel Cantistas" son Bellini e Donizetti. A figura máis importante da ópera romántica italiana é Verdi.

Giuseppe **VERDI** (Parma 1813- Milán 1901)

Verdi viviu a unificación italiana, coa que está de acordo. As súas primeiras óperas estreadas en Milán exaltan o carácter nacionalista. Os partidarios da unificación italiana toman como himnos, algúns dos temas das súas óperas (coro Va pensiero da ópera Nabucco, que cantan os escravos que soñan coa súa patria). Interveu en política, sendo elixido en 1859 deputado da Asemblea Nacional de Turín.

Verdi convértese no compositor italiano máis importante do romanticismo, a súa música supón a culminación da tradición operística italiana do século XIX.

A súa música:

Caracterízase por:

- Os seus argumentos defenden o naturalismo, presentan uns personaxes reais (Verismo); ademais en moitos casos son históricos.
- As súas melodías buscan a beleza.
- Os coros das súas óperas interveñen na acción.

Óperas:

1ª Etapa: Nabucco.

2ª Etapa: A Traviata, Rigoletto.

3ª Etapa: Aida.

Exemplo: Coro Va pensiero, Ópera Nabucco. Verdi

Exemplo: La donna é mobile, Ópera Rigoletto. Verdi

Exemplo: Libiamo, Ópera Traviatta. Verdi

O BALLET ROMÁNTICO

No século XIX, en Francia aínda aparecen balés asociados á ópera (Grande Ópera), como ocorre nalgũa ópera de Meyerbeer ou de Goudnod. Pero foi en Francia onde o ballet aparece definitivamente como espectáculo independente, aparecendo un tipo de ballet adaptado á estética romántica e con unha nova técnica revolucionaria.

Durante o Romanticismo prodúcense cambios moi importantes:

- Estética renovada e os argumentos románticos, os protagonistas moi variados: ninfas, príncipes, sáfides, magos, etc.
- Introdúcese o tutú (vestido corto de gasa) e se xeneralizan os pasos sobre a punta dos pés, con zapatillas de punta endurecida.
- Se utilizan os desprazamentos en voo, dando sensación de flotar no ar.
- Aumenta a expresividade dos bailaríns.
- Maior protagonismo da bailarina, mentres que os bailaríns actúan de apoio.

Ballets:

- A Sáfide foi estreado en Francia en 1832; está considerado como o primeiro balé romántico da historia. O balé narra a historia do amor entre unha sáfide (ser máxico) e un mozo escocés. Marca o inicio do uso da zapatilla de punta.

- Giselle composta en 1841 ten un argumento romántico, trata dun amor imposible entre unha campesiña: Giselle e un nobre.

- Copelia composta por Léo Delibes en 1870, conta a historia de Copelius (fabricante de bonecas de tamaño natural), é enganado por Swanilda, unha moza que se fai pasar por unha das súas bonecas. Compuxo tamén o balé Silvia en 1876. Delibes é moi coñecido pola súa ópera Lakmé.

Exemplo: A Sífide. Jean Schneitzhoffer

Exemplo: Giselle. Adolphe Adam

Exemplo: Copelia. Leo Delibes

O Romanticismo no resto de Europa

Os principais músicos de Alemaña, Italia e Francia son imitados por músicos de toda Europa, que seguen as últimas tendencias musicais. Moitos deles comezan os seus estudos nos seus propios países e logo amplían estudos en Francia, Alemaña, etc.

En España séguese con certo retraso aos compositores románticos, algún deles visitaron España: Chopin viviu en 1838 en Valldemosa (Mallorca) e Liszt chegou de xira a España en 1844, durante seis meses deu concertos en diferentes cidades.

Algúns músicos españois románticos son: Pablo Sarasate, Jesús Monasterio, Francisco Tárrega ou Marcial del Adalid.

Marcial del Adalid A Coruña (1826-1881)

Iniciou os seus estudos pianísticos na Coruña. Posteriormente intentou estudar en París con Chopin, pero non puido e ampliou estudos en Londres.

Viviu uns anos en Madrid onde compuxo a súa ópera Inés e Bianca.

Instalouse definitivamente no seu pazo en Oleiros, onde seguiu compoñendo.

A súa música:

As primeiras composicións pertencen ao Romanticismo, imitando aos compositores románticos da época, posteriormente apréciase o seu interese pola música galega.

Compuxo especialmente para o piano, obras románticas onde se nota a influencia de Chopin.

A súas composicións máis importantes son as óperas Inés e Bianca e Pedro Madruga.

Dentro dun estilo máis Nacionalista, froito do seu interese pola cultura galega compuxo Cantares Vello e Novos de Galicia para soprano e piano, obra baseada en cancións tradicionais galegas.

*Exemplo: Romanzas sen palabras, Recordo do fogar. Adalid